



*Procedemento* Subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración.

*Código* AU300A

*Bases reguladoras* Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT- UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A) (DOG 24.03.2021).

*Resolución do 19 de abril de 2021 pola que se modifica a Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A). (DOG 23.04.2021), (Corrección de erros DOG 30.04.2021).*

*Resolución do 18 de novembro de 2021 pola que se modifica a Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A).*

## **OBRA: ACTUACIÓNS DE MELLORA NO SISTEMA DE SANEAMENTO DE MUNIMENTO ( COSPEITO) SEPARATA DE PROXECTO**

O núcleo de Muimenta, que é un dos asentamentos de maior poboación do Concello de Cospeito, dispón na actualidade dun sistema de saneamento composto por unha EDAR, inaugurada no ano 2.000, e dous pozos de bombeo, un ao norte e outro ao sur da mesma, que recollen as augas residuais das diferentes zonas do núcleo.

O obxecto desta obra foi a realización dunha labor de limpeza integral para un mellor funcionamento do sistema de saneamento e garantir a durabilidade das bombas. Por iso, proxéctouse unha limpeza integral dos pozos e a substitución dos tubos guías das bombas nun deles.

As obras proxectadas e financiadas consistiron no baleirado e limpeza dos dous pozos de bombeo, mediante auga a presión e un equipo succionador impulsor.

Unha vez baleirados os pozos, substituíronse os tubos guía existentes no pozo número 2 (o situado máis ao leste da EDAR) por uns novos galvanizados de 48,3 mm de diámetro e 2,90 mm de espesor.

Levouse a cabo igualmente a revisión das bombas, aproveitando que é preciso izalas para o cambio dos tubos.

Tamén no pozo número 2 levouse a cabo o arranxo do valado, danado puntualmente pola caída dunha árbore.

**Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional**  
“Unha maneira de facer Europa”